

en

ETIQUETA NEGRA

DAVID AMOR | JOSITO PORTO

GO HOME

DRAMATURXIA

JOSÉ PRIETO


DIRECCIÓN

TITO ASOREY

O ESPECTÁCULO

“Calquera boa idea de felicidade remata hoxe nun escaparate”

Zigmunt Bauman



SINOPSE

GO HOME conta a historia de Carlos, un fanático do turismo que xa fixo todo tipo de aventuras que as axencias de turismo lle podían ofrecer. Todas menos unha: unha viaxe sorpresa, a cegas, na que non sabe o que lle vai acontecer. A peripecia levará a pasar a noite no Cebreiro, comezando unha aventura na que Carlos gozará de emocións intensas, tales como a dúbida, o medo e a sorpresa.

GO HOME é o novo espectáculo dirixido por **Tito Asorey**, e está protagonizado por **David Amor** e **Josito Porto** en asociación con grandes da dramaturxia como **José Prieto**, **José Faro**, **Laura Iturralde**, **Patricia Ferreira** e **Xavier Porto**. Trátase dunha comedia, comprometida coa realidade e cun elenco de luxo para tratar unha das temáticas máis de actualidade do momento: o turismo e a xerintrificación.

Esta peza teatral observa a realidade, así como as súas problemáticas asociadas a Galicia, na procura dunha obra chea onde teñen cabida a reflexión, a diversión e a investigación escénica.

GO ← HOME

- **Xénero:**
COMEDIA.
- **Duración:**
80 MINUTOS
- **Idade recomendada:**
MAIORES DE 16 ANOS

OS ACTORES

“As persoas viaxan a destinos distantes para observar, fascinadas, o tipo de xente que ignoran”

Dagobert D. Runes



DAVID AMOR

Comezou a súa carreira en 2001, na televisión autonómica de Galicia. Sempre ligado ao mundo da comedia, é sonado o seu paso por series de televisión e programas como **O Rei da Comedia** (TVG), **El Club del Chiste** (Antena 3), **Gym Tony** (Cuatro), **Aquí paz y después gloria** (Telecinco). En 2020, ademáis, sería un dos personaxes máis destacados na coprodución entre a TVG e a RTP portuguesa para HBO, **VIDAGO PALACE**.

En 2017, a súa carreira nos teatros toma unha gran importancia debido ao seu protagonismo en **Amigos ata a norte**, obra dirixida por Javier Veiga e onde compartía protagonismo con Xosé A. Touriñán e Leticia Sola, e que se converteu na obra máis taquillera da historia do teatro galego no seu momento con 50 sold outs seguidos. Dende entón, ademáis, **David Amor** foi protagonista de espectáculos propios cos que xirou por toda España, como **Fuera de sitio**, **Selfie** ou **Love está en el aire**.

JOSITO PORTO

Comezou no teatro na década dos oitenta e no audiovisual durante a década dos noventa. Na pequena pantalla recórdaselle de series de televisión como **Pratos combinados**, **A familia pita**, **Mareas Vivas**, **Libro de familia** ou **Matalobos**, con papeles cos que se converteu nunha das caras máis recoñecidas da TVG.

No teatro, este papel de protagonismo leva dez anos máis sendo destacable. **Josito Porto** foi partícipe xa de máis de corenta obras teatrais, coas que se converteu nun dos nomes máis sonados nos teatros de toda Galicia. Destacan os seus papeis en obras como **Nano** (1998), **Sexismunda** (2002) ou **As Mil Vidas de Matías Houseman** (2013), papeis cos que gañou o Premio María Casares outorgado pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

O EQUIPO

“ Non sei moi ben o que vou
buscar no estranxeiro,
pero si sei do que fuxo na casa.”

Michel de Montaigne

DRAMATURXIA

JOSÉ PRIETO José Prieto funda no ano 1992, xunto a outros compañeiros e compañeiras, Carozza Teatro, a súa primeira experiencia profesional, e a partir de aí segue desenvolvendo a súa actividade como director e dramaturgo para diversas compañías como Bucanero, Lagarta, lagarta, AlSuroeste Teatro, Elles Mateixes, 40 Pasos, Teatro do Morcego, Malasombra, Mago Teto, Obras Públicas, Teatro de Adro, Ainé, etc... É autor de máis de oitenta textos teatrais, destacando coma o creador de obras como **Fariña** ou **Somos Criminais**.

DIRECCIÓN

TITO ASOREY. leva no teatro xa 30 anos, vinculándose como director a este mundo no ano 2000. Foi ganador en 2007, 2008 e 2010 do **Premio Nacional de Teatro Joven Buero** ao mellor espectáculo polas montaxes de **Remanente#1**, **Mort** e **Don Juan**. No ano 2015 dirixe **Perplexo** para a compañía **ilMaquinario Teatro**, da cal é fundador, e álzase con **cinco Premios María Casares**, entre eles Mellor Espectáculo e Mellor Dirección. Nos seus últimos tempos destaca pola posta en escena de obras que racharon os récords establecidos no teatro galego, como **Somos Criminais** e a versión teatral de **Fariña**.

ESCENOGRAFÍA

JOSÉ FARO. Escenógrafo egresado da ESAD de Galicia que nos últimos anos está a presentar numerosos traballos de enorme calidade que lle están a aportar ao teatro galego unha interesantísima renovación a nivel visual, acadando o Premio María Casares no ano 2018 e sendo nomeado aos mesmos premios no 2019 e no 2020.

ILUMINACIÓN

LAURA ITURRALDE. É sinónimo de calidade nas obras que toca. Traballa de iluminadora, escenógrafa e videocreadora en múltiples proxectos escénicos, destacando os seus traballos para artistas como **Tauxugueiras** ou **Mercedes Peón**. Durante tres anos consecutivos (2019, 2020 e 2021) foi a gañadora do **Premio María Casares** á mellor iluminación polos seus traballos en **Invisibles**, **O Empapelado Amarelo** e **Bailar Agora**. En 2021, ademáis, foi gañadora do **Premio Rogelio de Egusquiza da Asociación de Directores de Escena de España** pola iluminación da versión teatral de **Fariña**.

VESTUARIO

PATRICIA FERREIRA. Destacada deseñadora formada no prestixioso Istituto Europeo di Design de Barcelona, encárgase do vestuario da obra. Entre os premios recibidos na súa traxectoria destacan o **Premio Best Thesis Fashion Awards** (2014), o **Speed Networking Talent** (2014), o **Premio “Comercio Galego. Pontevedra”** da Xunta de Galicia (2019), o **Premio do Desfile Pasarela 080 Barcelona Fashion** (2015), e o **Premio Desfile T Project da MODAFAD** (2014).

MÚSICA

XAVIER BÉRTOLO. Comezou a súa colaboración con **Tito Asorey** no espectáculo **O empapelado amarelo**, da compañía **A Quinta do Cuadrante**. Licenciado en Piano e música moderna pola ESMAE de Porto, leva tendo unha forte presenza no mundo musical underground, á vez que é creador de diferentes bandas sonoras audiovisuais, sendo o seu último traballo o espazo sonoro da galardoada curtametraxe **16 de Decembro**, de **Álvaro Gago**. Co seu traballo, sempre sutil, coidadoso e nada invasivo, fai que esta peza alcance un maior voo poético, apoiando a acción e creando ambientes que dialogan en todo momento con todos os demais elementos de significación.



en
ETIQUETA NEGRA

NACHO LÓPEZ
nlopez@etiquetanegra.org
686 16 61 82

